

Xa son 142 os despedidos en Atento-Coruña

Aos 112 despedidos de onte súmanse hoxe outros 30 do servizo CAT ADSL (atención telefónica e avarías de banda ancha dos clientes de Telefónica). Tamén a empresa anunciou o despido de outros 30 compañeiros en Toledo e 58 en Bilbao, dando como xustificación a suposta diminución de chamadas nestes servizos.

Todos os sindicatos do centro de traballo, entre os que está a **CGT** teñen convocado un calendario urxente de mobilizacións, calendario que, nestes momentos, concrétase como segue:

Do 9 ao 12 de abril, **concentracións** ás 12:00 e ás 20:00 horas.

Os días 15, 17, 18 e 19 de abril, **concentracións** ás 12:00 e ás 19:00 horas.

Día 16 de abril: **concentración** ás 12 horas e **manifestación** ás 20:00 horas

Do 22 ao 26 de abril, **concentracións** ás 12:00 e ás 19:00 horas.

CGT da Coruña